

BALANCE
DO GOBERNO
DE FEIJÓO



ÍNDICE

EDUCACIÓN.....	1
POLÍTICA UNIVERSITARIA.....	4
SANIDADE.....	7
IGUALDADE.....	9
EMIGRACIÓN	10
CULTURA	11
LINGUA	15
DEPORTE.....	17
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	18
MEDIO AMBIENTE.....	23
INDUSTRIA.....	25

ENERXÍA.....	28
PROMOCIÓN ECONÓMICA	30
I+D+I.....	32
AGRICULTURA	33
PESCA	36
FACENDA	38
ADMINISTRACIÓN LOCAL.....	43
XUSTIZA	44
ASUNTOS EUROPEOS.....	45
FUNCIÓN PUBLICA	47

EDUCACIÓN: REDUCCIÓN DO GASTO E ATAQUES AO ENSINO PÚBLICO

Durante os anos de Feijóo ao fronte da Xunta de Galicia, o sistema educativo galego (e moi especialmente a EDUCACIÓN PÚBLICA) viu como se reducía o seu orzamento nuns 400 millóns de euros aproximadamente, o que demostra claramente que para Feijóo a educación (e fundamentalmente a educación pública) non é nin foi nunca unha prioridade. Esta idea é hoxe ampliamente compartida polo conxunto da comunidade educativa galega: profesorado, familias, alumnado e sindicatos máis representativos do ensino.

En 2009, o gasto en educación por habitante era de 860 euros, mentres que en 2015 o gasto por habitante en educación é de 670 euros, cuestión que trae como consecuencia que desde 2009, data da chegada de Feijóo á presidencia de Galicia teñamos esta situación:

100 millóns de euros menos para educación infantil, primaria e secundaria.

120 millóns de euros menos para formación profesional.

70 millóns de euros menos para nosas tres universidades (Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña).

1.225 profesores menos (segundo as cifras oficiais postas seriamente en dúbida polo conxunto das forzas sindicais), e hoxe podemos dicir sen medo a equivocarnos moito que esa cifra pode estar perto das 3.000...

Estamos vendo tamén como centenaes de profesor@s están pedindo a xubilación anticipada cada mes de agosto por medo ao seu futuro. En agosto de 2013 xubiláronse 1.030 profesor@s, e cifras moi similares repetíronse en 2014 e 2105.

Repagos e copagos en libros de texto (30 millóns de euros de repagos por ano en libros de texto).

Coa xestión dos LIBROS DE TEXTO conseguiron enfadar ao conxunto da comunidade educativa: profesorado, equipos directivos, familias e ata ás propias librerías... Un sistema que denominado pomposamente gratuidade solidaria e que non é nin gratuío nin solidario. Un sistema que está deixando tiradas a moitísimas familias galegas e cuxa chapuza en cadea obrigou á Xunta de Galicia a sacar unha orde ás présas e correndo para paliar o desaguizado creado.

Repagos e copagos en comedores escolares (7 millóns de euros en repagos por ano en comedores).

50 millóns de euros menos para arreglos e reparaciones das instalacións dos centros escolares e un 75 % menos para novas construcións.

Menos diñeiro para gastos de funcionamento dos centros educativos.

Nula reposición de equipamentos didácticos e fundamentalmente de material informático e de formación profesional.

Enorme FENDA DIXITAL entre centros educativos, en función de estar situados no medio urbano ou no medio rural.

Nula reposición de material de talleres nos centros de formación profesional, coa excepción dalgún dos privilexiados centros integrados.

2,5 millóns de euros menos para a formación do profesorado.

6 millóns de euros menos para a prevención do abandono escolar.

Miles de mozos ben preparad@s obrigad@s a emigrar por falta de expectativas laborais e profesionais, cuantificad@s en preto de 13.000 por ano...

SETE ANOS de ataques continuados á cultura e á lingua de Galicia, pois hoxe podemos afirmar sen temor a equivocarnos que o goberno de Fraga investía fai 20 anos nese concepto tres veces máis do que dedica hoxe o goberno de Feijóo.

Menos diñeiro para becas de estudos e como consecuencia máis dificultades para acceder á universidade para as capas sociais medias e humildes da nosa sociedade, aínda que conxelaron nos últimos exercicios as taxas universitarias pero só para as primeiras matrículas.

Os concertos educativos renováronse ata 2017, destínanse case MIL MILLÓNS DE EUROS para iso.

Sete anos de conflitos nos tribunais por ter un goberno altivo que non escoita absolutamente a ningún colectivo: a política lingüística, a subvención a centros que segregan por sexo, os cursos denominados celga, o propio marco normativo da Lomce, o caos xerado pola anulación do concurso de traslados... Son tan só 5 exemplos dos 20 que teñen agora mesmo nos tribunais, e que son froito dun xeito concreto de gobernar ou, mellor devandito, de mandar, que é cousa ben distinta.

Numerosas folgas nos últimos anos convocadas pol@s profesionais da educación, polas familias, pol@s estudantes e polos sindicatos do ensino para mostrarlle ao PP o seu enorme agradecemento pola política educativa levada a cabo nestes últimos sete anos por Feijóo.

En resumo, sete anos de ataques consecutivos ao ensino público (e moito menos á privada, aínda que tamén), á cultura e á lingua de Galicia.

POLÍTICA UNIVERSITARIA: ASFIXIA ECONÓMICA

Os continuos recortes nos orzamentos da Xunta provocan unha situación de grande debilidade económica nas universidades, tanto para afrontar os gastos estruturais como na docencia e na investigación. O Sistema Universitario de Galicia non conseguiu a suficiencia económica que era a primeira premisa do actual Plan de Financiamento.

Dende 2009 a 2016 o orzamento destinado ás universidades recortouse un 15%.

En termos constantes as universidades teñen en 2016 un nivel de financiamento similar ao do ano 2005. Retrocederon unha década.

En termos absolutos son similares aos do 2007.

O Plan de Financiamento 2011-2015 non foi cumprido. A Xunta prometeu financiar as universidades con 2.016 millóns en 5 anos e nos orzamentos só se suman 1.890 millóns, un 6,2% menos do prometido.

O goberno de Feijóo prometeu chegar a 2015 cunha inversión do 1,01% do PIB de Galicia no Sistema Universitario e isto está moi lonxe de conseguirse, de feito nestes 5 anos rebaixouse a porcentaxe de inversión destinado ás universidades, que en 2009 era de 0,85% e agora pode calcularse nun 0,65% do PIB (gasto en universidades co I+D universitario).

O Novo Plan de Financiamento de SUG 2016-2020 deixa ás universidades na mesma situación de precariedade económica xa que na realidade conxela os fondos. A presunta subida dun 18% de orzamentos en 5 anos procede de fondos discrecionais, non asegurados pola Xunta ás universidades. En todo caso, co novo Plan de Financiamento do SUG, **imos necesitar 10 anos (2011-2020) para chegar ao financiamento de 2009.**

Os **orzamentos dedicados directamente a I+D universitaria** tamén sufriron fortes recortes dende 2009 fundamentalmente pola falta de execución. **O 25% do total entre 2011 e 2015 deixáronse de executar, 60 millóns ata 2015 do programa de I+d, 12 millóns de media anual, nunca chegaron á investigación universitaria.**

Este cálculo realizado sobre a documentación dos orzamentos da Xunta de Galicia, é reafirmado polos datos ofertados no informe *La Universidad Española en cifras 2013/2014*, realizado pola CRUE, no que se indica que o gasto en investigación do Sistema Universitario de Galicia descendeu un 27% entre 2008 e 2013, moi por riba da media española que é de 14,57%.

Esta redución orzamentaria únese a unha situación moi preocupante da investigación universitaria debida ao **cambio de política** levada a cabo polo goberno. Dende a aplicación do Plan I2C, rompeuse o deseño dunha verdadeira carreira investigadora, hai unha forte redución de axudas pre e posdoutorais, non hai convocatoria de tecnólogos, desapareceron as axudas á investigación básica e aos grupos non consolidados.

Perda de recursos humanos

Este é un factor que as universidades incluso ven máis grave que a perda de ingresos.

Utilizando os datos ofrecidos polas propias universidades nas súas respectivas Memorias anuais, podemos observar que entre **2010 e 2014 desapareceron 400 prazas de profesores (funcionarios e contratados) no Sistema Universitario Galego un 7,5% das plantillas existentes en 2010.**

Os datos da CRUE no informe antes citado, indican dimensións similares en canto o profesorado, marcando unha diminución do 7,45% para a Universidade de Vigo e do 7,3% para a de Santiago **cando a media española atópase nun 5,74%.**

A perda de persoal investigador (bolseiros e contratados) aínda máis escandalosa. Entre 2010 e 2014 desapareceron 467 investigadores un 19,5% dos existentes en 2010.

O máis grave desta situación é a imposibilidade de incorporar talento xoven de alta cualificación sen o cal as nosas universidades están condenadas a retroceder nos seus resultados e nas súas contribucións á sociedade. **Hai unha ausencia absoluta de oportunidades para iniciar ou continuar unha carreira científica en Galicia.**

A todo isto hai que engadir unha forte **precarización das condicións laborais** con redución de salarios que se deron, sobre todo, **nos complementos de excelencia** polo que os máis afectados foron os profesores con máis méritos docentes e de investigación.

Intromisión na autonomía das universidades

Durante estes anos houbo unha continua perda de autonomía das universidades (dereito recoñecido na Constitución) entre outras razóns pola intromisión directa da Consellería de Facenda na xestión de persoal. En efecto, ningunha universidade pode contratar persoal, mesmo de substitución, nin consolidar profesorado sen o **permiso expreso** da Consellería de Facenda.

Membros da comunidade galega, mesmo falan de intromisión política directa da Xunta de Galicia nas universidades.

A pesar de todo isto, as universidades galegas están mantendo postos de relevancia (sobre todo comparados cos seus orzamentos) nos ranking máis importantes, situándose algunha delas, entre as máis produtivas de España, aínda que de seguir así non parece que isto poida manterse indefinidamente.

Todas as medidas levadas a cabo polo goberno Feijóo na súa política universitaria significan un **ataque á universidade pública e un traxecto hacia unha universidade mercantilista, que só se mide polos seus resultados económicos** que os socialistas rexeitamos decididamente.

Grave perda de equidade e igualdade de acceso ao sistema universitario

O orzamento da Xunta de Galicia dedicado a becas universitarias rebaixouse un 23% entre 2009 e 2016, e por riba non se executa máis do 50% ao ano.

Os cambios producidos polo goberno de Rajoy nos requisitos para acceder a unha bolsa afectaron profundamente aos estudantes galegos. Así, segundo o informe da CRUE citado, a cuantía das becas estatais reducíronse en Galicia un 21,32%, a maior redución de España, mentres que o número de bolseiros caeu un 5,62%.

Desatender as universidades tal como está facendo a Xunta de Galicia ten consecuencias ao longo de décadas: estudantes que non poden entrar no sistema ou que saíran peor formados, investigadores que non se incorporan ou que buscan saídas no mercado exterior perdendo Galicia ese capital humano, menores niveis de competitividade en investigación... En definitiva estase comprometendo o futuro.

SANIDADE: RECORTES E PRIVATIZACIÓN

Feijóo propiciou nestes anos coa súa xestión e a desculpa da crise o maior ataque na historia da sanidade pública galega que non só non medrou neste tempo senón que foi gravemente recortada, suprimida, privatizada e perigosamente deteriorada.

A perda da universalidade propiciada por Rajoy e asumida sen rechistar por Feijóo, suprimindo o dereito da atención polo feito de ser cidadán e cambiándoo por un servizo ligado á condición de asegurado foi non un ataque senón un total cambio do modelo. Sen esquecer o recorte na carteira de servizos e a inclusión dos copagos.

Recortes orzamentarios sen precedentes xunto cunha lexislación que favorece e regula as privatizacións como a Lei de garantías sanitarias foron algunhas das armas utilizadas por Feijóo para ese planificado deterioro do público.

Sen esquecer a privatización masiva de infraestruturas novas e de tecnoloxía, o abandono do mantemento das existentes o nefasto plan de RRHH, a supresión do Plan de Mellora de Atención Primaria e a desaparición do Plan de Saúde Mental.

O deterioro do material sanitario utilizado e a dificultade para acceder á medicación incluso para as vacinas pero sobre todo no caso de enfermidades graves como a Hepatite, o cancro, as enfermidades raras e en xeral dos tratamentos innovadores sumado o despilfarro dos fondos europeos utilizados para incorporar recursos tecnolóxicos pouco acordes coa nosa poboación ten provocado na xente desconfianza e malestar co sistema público.

Ademais as listas de espera ocultadas e manipuladas pero absolutamente descontroladas fan que a cidadanía busque solucións fóra do Sistema sanitario público.

E a contratación ilegal e espuria dos e das profesionais está provocando a falta de compromiso das persoas traballadoras co sistema sanitario público algo que resulta imprescindible para a viabilidade do noso sistema.

A falta de compromiso coa formación dos novos profesionais polo recorte sen precedentes de formadores tanto na Universidade como nos centros sanitarios ao non repor as xubilacións masivas levadas a cabo, así como pola falta de planificación das necesidades das especialidades na formación MIR e demais deixa un futuro moi incerto.

Sen esquecer a fuxida dos e das investigadoras mentres se propiciaba dende o Goberno a privatización da investigación e da innovación.

Pero mención especial merece que Feijóo deixa o orzamento sanitario comprometido e seriamente mermado para os próximos 20 anos polos canons a pagar pola construción do Novo Hospital de Vigo e as privatizacións de tecnoloxía e servizos e os problemas sanitarios de toda a zona sur de Galicia sen solucionar.

A xestión sanitaria implantada por Feijóo coas EOXIS e coa modificación funcional do mapa sanitario foi un absoluto fracaso pois provocou máis inequidade e deterioro de Atención Primaria e dos Comarcais.

Seguimos sen topar unha solución para o control do gasto sanitario e sen mellorar o consumo farmacolóxico abandonando completamente nestes anos educación sanitaria e a prevención.

Necesitamos recuperar o programa de atención á saúde da muller incorporando no sistema sanitario público a atención as drogodependencias tal e como estaba previsto e continuar incrementado a carteira de servizos na atención primaria en odontoloxía, fisioterapia, nutrición, podoloxía e psicoloxía.

O espazo sociosanitario privatizouse coa supresión das camas de crónicos nos hospitais públicos e a derivación deses enfermos ás Residencias da Terceira Idade sen ter garantía a correcta atención sanitaria.

Foi aprobada a Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais pero aínda non se deu nin un paso para a súa aplicación e desenvolvemento.

IGUALDADE: RETROCESO E ESQUECEMENTO

Nefasto e intolerable retroceso en igualdade da nosa sociedade por falta de compromiso nesta materia do goberno da Xunta, cun incremento preocupante das violencias machistas e cun claro aumento de mulleres asasinadas.

Falta absoluta de compromiso coa igualdade na lexislación nos orzamentos e nas composicións dos gobernos de Feijóo.

Incremento Fenda Salarial.

Fracaso no ensino que continúa subvencionando a ensinanza que segrega e que suprimiu a educación en valores e en igualdade.

Nin sequera foron quen de rematar o desenvolvemento nestes anos das Leis contra a violencia machista.

Dotación e formación insuficiente da Xustiza e das forzas de Orden para atender a violencia de xénero (paralización da creación dos xulgados específicos de violencia).

Orzamentos da administración autonómica para esta materia case suprimidos e substituídos por fondos europeos que non se axustan a estas necesidades.

Deixan seriamente ameazados os CIMS co novo Decreto en elaboración que incrementa funcións, desdebuxa a atención á muller e non incrementa as dotacións desta peza clave para atención das violencias.

Esquecemento absoluto da prevención da violencia e do fomento da igualdade e a coresponsabilidade na vida das persoas e no conxunto da sociedade.

Seguimos mirando para outro lado e sen tomar medidas ante o drama da trata e a prostitución.

EMIGRACIÓN: ABANDONO E INDIFERENCIA

Os emigrantes galegos, por primeira vez na historia, deixaron de existir nas políticas da Xunta:

- A. Redución dos orzamentos, con respecto a 2009, en máis do 50%.
- B. Renuncia á defensa dos seus dereitos políticos (Persistencia Voto Rogado).

1. Emigración histórica:

- A. Abandono absoluto da emigración histórica, do seu aporte cultural e económico.
- B. Carencia de políticas que integren o potencial económico, social, cultural e político dos emigrantes e dos seus descendentes.
- C. Instrumentalización das institucións da emigración e utilización partidaria solapando os cargos institucionais e orgánicos do PP (O Delegado da Xunta en Arxentina é o presidente do PP).
- D. Abandono á súa sorte de institucións tan emblemáticas para a emigración como o hospital do Centro Galego de Bos Aires.

2. Emigración moderna:

- A. A NEGACIÓN POR SISTEMA. Agora chámase “Mobilidade da man de obra”.
- B. A fuxida de xente moza dende o comezo da crise, estimada en máis de 100.000 segundo un informe da CIGA, é un fenómeno ao que **o Goberno Feijóo non dedicou unha soa medida en case oito anos de Goberno**. A emigración de persoas entre 16 e 35 anos axuda a maquillar as cifras de desemprego en Galicia e acentúa o envellecemento do país.
- C. **Recorte dos seus dereitos sanitarios** xa que aos tres meses perden o seu dereito á asistencia sanitaria que teñen que volver a tramitar ao seu retorno.
- D. **Anulación dos seus dereitos políticos** ao impedirilles, na práctica, exercer o dereito a votar.

CULTURA: ABANDONO E PRECARIIDADE

A cultura galega: unha contrarreforma consistente en deixala morrer.

O fondo sesgo ideolóxico do Goberno Feijóo que identifica todo o galego co nacionalismo non só o está a pagar a lingua, senón tamén o resto das manifestacións culturais do país. Tanto lle ten que máis do 2 % do PIB de Galicia corresponde ás industrias culturais, ou que o xenio dunha cultura de seu sexa un factor innovativo fundamental para a defensa de Galicia nun mundo global. De feito, o 96% das profesións culturais amosa unha demanda de emprego decrecente segundo un informe presentado polo Consello da Cultura Galega.

A defensa de Feijóo da “marca España” confronta directamente cunha visión da cultura galega como “eido inimigo”, o que o leva a finxir ou aparentar a súa “defensa” formal para ir destruíndoa polo baixo.

Nesta estratexia de combate, a Cidade da Cultura opera como o grande parapeto que serve de escusa. Os orzamentos en cultura focalízanse no mantemento desta obra desmesurada, mentres se reducen recursos para atender os sectores das artes escénicas, da edición, da música ou dar continuidade a proxectos artísticos de diversa natureza. E aínda no orzamento do 2016 subiron a partida dedicada á Cidade da Cultura en 2.376.821 de euros.

Cando a baixada orzamentaria nos orzamentos ten unha media do 10 %, no caso da cultura a redución é do 40 %. De feito, dende que goberna o señor Feijóo, reduciuse nun 56% a partida dedicada á cultura. Ademais diminuíu o peso da cultura dentro do total dos orzamentos da Xunta de Galicia, pasando de ser o 1,29% no ano 2009, ao 0,60% que representa nos actuais orzamentos. Non hai mellor dato para resumir a política cultural deste goberno.

Os datos falan por si mesmos:

1. Segundo o Informe sobre as artes escénicas en Galicia elaborado polo Consello da Cultura Galega, a situación de precariedade do sector é similar á existente nos anos setenta. A redución de compañías teatrais e de representacións en Galicia é verdadeiramente alarmante. Así, entre os anos 2009 e 2011, Galicia perdeu máis de mil funcións de teatro, e no 2011 estaban rexistradas un 18 % menos de compañías que no 2009. Nestes anos a cifra segue a aumentar sen que nada se teña feito pola Xunta. Ademais da baixada do alumnado e da desaparición de 10 festivais, hai que denunciar a baixa estabilidade laboral e a evolución negativa dos ingresos de explotación das empresas de teatro e danza, cun aumento das perdas e dun endebedamento moi alto.

2. O sector da edición non vive unha situación mellor. Tal e como reflexan informes como o elaborado pola Asociación Galega de Editores, con alarmantes descensos na edición en Galicia e en galego, con caídas espectaculares na edición pública que acadaron a porcentaxe máis baixa da última década.

3. A pesares de que no 2014 se editaron 383 libros máis que no 2013, aínda estamos no 6º lugar por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, a Comunidade Valenciana e o País Vasco.

4. Nada se fai tampouco en defensa doutros sectores como o do audiovisual, un verdadeiro referente de produtos galegos de calidade que compiten a nivel internacional.

No que atinxe á potenciación museística e á rede galega de bibliotecas a situación é moito máis grave. A práctica inexistencia de orzamentos e a estratexia de suprimir axudas imputándolles todos os custes a uns gobernos locais con capacidade de manobra orzamentaria moi limitada debida as políticas de Rajoy, ten deixado esta importante actividade en situación de mínimos moi por debaixo da normalidade. Non hai orzamentos para a adquisición de libros nin o acondicionamento de espazos de lectura ou programas de promoción cultural ao redor do libro.

En canto a programación museística a Xunta todo o fai pivotar sobre unhas poucas exposicións itinerantes e unha ou dúas mostras anuais de desproporcionados custos e cuestionable utilidade desde a perspectiva da cultura do país, que se montan na Cidade da Cultura.

Non sorprende o desalento que viven os creadores en Galicia e o deterioro que en tales circunstancias se ten producido do dereito á cultura da cidadanía galega.

Os creadores en Galicia seguen a sufrir o deterioro que se ten producido co dereito á cultura da cidadanía galega. De feito, fronte á brutal suba do IVE acordada polo Goberno de España a Xunta, a diferenza doutras CCAA, decidiu non adoptar ningunha clase de medida de compensación (como os chamados bonos cultura, do País Vasco ou as novas liñas de financiamento aprobadas en Cataluña para apoiar a industria cultural e os creadores).

Agora que se achega o final da lexislatura, a Consellería de Cultura anuncia unha Tarxeta-Bono para a adquisición de libros en galego e entradas a espectáculos de artes escénicas producidos por empresas galegas. Unha medida electoralista posto que durante os últimos anos, o PP non fixo máis que votar en contra de todas estas propostas que fixo a oposición neste senso. E agora fan unha maquillaxe cunha medida que xa anuncian, ten como obxectivo nada máis que 6.000 tarxetas ao ano pero seguen a votar en contra da redución do IVE.

Tamén o sector da música está a sufrir nos últimos anos unha situación preocupante. A pesares de que dispoñemos da xeración de músicos máis preparada da nosa historia, que nos colocan como un referente en Música Clásica, Jazz, Folk, Rock, etc.

Ademais de sufrir as consecuencias do IVE cultural, tamén son vítimas da falla de apoio para apostar por un sector que Galicia é un referente. E podemos constatar como desaparecen importantes festivais por falla de apoio e compromiso mentres se aumentan recursos para a Cidade da Cultura.

E cómpre sinalar a preocupación do sector das orquestras, que é o sector que move máis recursos e xera máis emprego que ningunha actividade musical en Galicia, con 3.000 festas celebradas cada ano, o que supón unhas 12.000 actuacións musicais. Este sector emprega a 7.000 persoas e xera arredor de 60 millóns de euros.

O sector das orquestras está mobilizado debido á súa preocupación polas novas condicións esixidas para desenvolver a actividade, que supoñen que o goberno galego anuncie unha Lei de Espectáculos, tras unha pregunta feita polo grupo socialista.

O sector pide regularizarse pero tendo en conta as especificidades de Galicia que é unha excepción en toda España, agás o caso de Asturias.

E tampouco se aprobou ningún Plan galego especialmente dedicado a adquisición de obras artísticas de gran formato (cadros, esculturas...), un cometido que ata agora viñan desenvolvendo as fundacións das desaparecidas Caixas, cuxa importante tarefa no eido da cultura tampouco foi obxecto de actuacións substitutivas ou complementarias por parte da Xunta.

Finalmente, a situación do patrimonio histórico e artístico non se afasta da liña xeral de actuación da Xunta.

Esgotamento de recursos, falta de iniciativa e de proxectos, desleixo e unha selección politicamente dirixida dos escasos bens obxecto de atención nestes sete anos. Preto do 30% dos ben declarados BIC ou xa non existen ou se atopan nunha situación de grave risco. As asociacións e colectivos de defensa do patrimonio artístico denuncian esta dramática situación, sen que se ofrezca un plan alternativo para remediala, cando a restauración patrimonial pode ser un importante nicho de emprego no país. A Asociación de interese xeral “Hispania Nostra” dedicada á defensa do patrimonio artístico español ten incluído na súa lista vermella deste ano 20 monumentos galegos, entre os que figuran o castelo de Pambre, o dolmen da Moruxosa, o Forno dos Mouros en Toques ou o Sanatorio de Cesuras. Do escaso orzamento dedicado a este asunto, a Xunta practicamente só inviste na conservación de bens patrimoniais da Igrexa Católica, marxinando claramente outras obras civís de relevancia.

E nos orzamentos da Xunta do 2016, de xeito incomprensible, diminúe a inversión nun 6% con respecto ao 2015, a partida adicada á Protección e Promoción do Patrimonio histórico, artístico e cultura que se atopa nunha situación de abandono e desprotección. E o PP négase a facer unha diagnose do estado de conservación do noso patrimonio, tal e como o temos solicitado dende o Grupo Socialista.

Ademais non está esixindo aos propietarios de bens declarados BIC, en moitos casos restaurados con subvencións públicas, que publiciten os días e horas de visita tal como determina a lexislación vixente.

A desfeita é completa, porque a crise serviu de pretexto para agochar un ataque en toda regra á cultura de Galicia.

LINGUA: MARXINACIÓN E DESPROTECCIÓN

A política lingüística da Xunta está marcada pola marxinação e desprotección da nosa lingua, e o incumprimento da Lei de Normalización e o Plan de Normalización lingüística.

Durante as dúas lexislaturas de 2009 a 2016, a Xunta de Galicia presidida por Feijóo estivo inmersa nunha **actitude de ataque á lingua propia convertendo o galego, por primeira vez na historia da autonomía, nun elemento de confrontación social e política.**

O PP de Feijóo buscou a confrontación artificial en torno á nosa lingua xa antes de chegar ao goberno na procura de presuntas ganancias electorais, unha busca de confrontación máis aguda dende que chega ao poder e ten os instrumentos necesarios para cambiar a política lingüística deste país e para **propiciar unha redución da presenza da lingua galega na nosa sociedade.** Incluso chegou a poñer en cuestión a lexitimidade das políticas de promoción do galego.

Rexeitou e incumpriu o Plan de Normalización da Lingua Galega aprobado por unanimidade no Parlamento e iniciou unha serie de actuacións dirixidas a diminuír a presenza do galego en todos os ámbitos:

Reduciu as horas de docencia en galego no ensino público e **aprobou o chamado Decreto do Plurilinguismo** que claramente desprotexe o uso do galego en educación infantil e non garante o aprendizaxe das dúas linguas. Por iso tivo o rexeitamento de todos: a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, o Consello Escolar de Galicia, a Mesa sectorial de Educación, todos os partidos políticos, os sindicatos, o consello consultivo, as Universidades... e terminou coa lingua nos tribunais

As consecuencias da aplicación deste decreto puideron verse nas enquisas oficiais que reflicten **un forte descenso do uso do galego sobre todo na poboación máis nova** o que debería ser un sinal definitivo para a Xunta de Galicia do dano que está a facer a súa política en torno á lingua. A pesar diso, non modificou nada a súa traxectoria.

Eliminou o galego **como requisito para acceder á función pública en Galicia.**

Ao longo destes anos o PP provocou unha **redución sistemática da presenza de medios de comunicación en galego** por retirada de axudas públicas mentres se financian outros que só utilizan o castelán.

Houbo unha escandalosa e insultante **minoración orzamentaria** das partidas destinadas ao galego, unicamente explicable por motivos ideolóxicos. Entre 2009 e 2016 houbo un recorte do 70% dos orzamentos destinados á normalización da lingua galega.

Esta situación reflíctea á perfección o **Informe elaborado polo Comité de Expertos do Consello de Europa** sobre a situación do galego en tanto que lingua minoritaria. Mentres no emitido no ano 2005 se valoraban moi positivamente as medidas emprendidas en todos os eidos por anteriores gobernos e o avance dado na materia, no de anos posteriores **críticase o desleixo e as políticas de desmantelamento levadas a cabo polo Goberno de Feijóo**. Esa crítica severa á política lingüística da Xunta que se incrementou con ocasión do Informe do ano 2015, xa é unha constante en todos os foros internacionais e europeos nos que se defenden as linguas minoritarias.

En definitiva, durante estes 7 anos de goberno de Feijóo non se levou a cabo ningunha política de apoio á lingua galega, todas as que podemos nomear levan, pola contra, a desgaleguización da sociedade.

DEPORTE: AUSENCIA DE PLANIFICACIÓN E INVERSIÓN

“Herdanza Feijóo” nesta materia

Por falta absoluta xestión e planificación:

Infraestruturas deportivas obsoletas e sen accesibilidade por falta de mantemento nestes anos do PP.

Dificultades para conseguir a cobertura necesaria para a practica deportiva por parte das Aseguradoras.

Ausencia de planificación tanto das infraestruturas como dos recursos humanos:

- A. Negáronse a elaborar un mapa de infraestruturas deportivas para poder seguir utilizando as obras en deportes de xeito partidario e ata para pago de mocións de censura.
- B. E tampouco se elaborou un rexistro e unha planificación das diferentes titulacións deportivas e do número e tipo de persoas profesionais do deporte na nosa CCAA.
- C. Os recortes aplicados ás achegas deixa ao borde da quebra á maioría das entidades do tecido deportivo galego.

Cun marco legislativo insuficiente, pouco apropiado e ademais sen desenvolver a nova “Lei do deporte de Galicia” que non resolve nin atende as necesidades do noso deporte.

E con problemas serios creados pola xestión centralizadora do Goberno Estatal do PP como é a Licenza Única.

E coas materias pendentes do Deporte e a Diversidade Funcional, Deporte Escolar Universitario e de Base e Deporte Feminino, e a gran oportunidade de Galicia Deporte, Natureza e Turismo.

INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: PARALIZACIÓN DOS GRANDES PROXECTOS E ABANDONO DO TRANSPORTE PÚBLICO

- Feijóo comeza a xestionar en abril de 2009 co slogan “*empezamos*”. Empeza a **paralizar os grandes proxectos en marcha**:

- I. Vía de Alta Capacidade da Costa Norte: Ferrol – Barreiros.
- II. Modificación de trazado na Variante de Noia. Muda a variante interior pola ponte sobre a ría.
- III. Vía de Alta Capacidade do Baixo Miño: modifica o trazado en Tomiño para pegalo ao río Miño.
- IV. Modifica o proxecto de humanización e mellora de seguridade vial da estrada Vigo – Baiona – A Guarda.
- V. Dilata no tempo unha folla de ruta perfectamente deseñada.
- VI. Os proxectos sofren unha paralización inxustificable, froito do revisionismo sectario.

- **Adían os proxectos para que os cidadáns confundan a súa auténtica autoría.**

Intentan borrar o pasado.

- **Paralización e retraso nas grandes infraestruturas de comunicación do país:**

1. **Autovía Pontevedra – Vilagarcía:** treito Curro– Baión. Horizonte 2015.

Incumprido o prazo establecido, só se actuou no nó de Curro.

2. **Vía Ártabra: horizonte 2013.**

A. No derradeiro recorte, suprimiuse a execución do último tramo que conecta a AP-9 coa A-6.

B. Nese caso esta vía carece de sentido, sería un gasto improdutivo, pois os obxectivos de vertebración non se conseguirían.

3. VAC Baixo Miño.

- A. Dos catro treitos que conforman os 38 quilómetros da actuación, en dous deles están as obras rematadas. E os outros dous sen novas.
- B. Variación do trazado en Tomiño. Afección drástica á marxe do río Miño. Produce un dano irreparable.
- C. Variante de A Guarda, publicada a declaración de impacto ambiental no mes de maio de 2011. Sen avances.

4. Ourense – Celanova – Fronteira portuguesa:

- A. Está pendente de executar a mellora da estrada autonómica OU-540 dende Celanova á fronteira portuguesa.
- B. O goberno ten anunciado a renuncia a curto prazo da actuación proxectada.

5. Autovía da Costa da Morte.

- A. Obra licitada tres veces.
- B. Escándalo importante ao pretender executar esta concesión a oferta máis desvantaxosa e cun sobrecusto de 215 millóns de euros.
- C. Formalizado o contrato de concesión en xuño de 2011.
- D. 2 anos perdidos na execución desta autovía que vertebra o noroeste da provincia da Coruña.
- E. Formalizado o contrato de concesión o 9 de agosto de 2011 por un importe de 745.272.265,76€.
- F. Sete anos despois, en obras o primeiro tramo. Facer que se fai en ano electoral.

6. VAC da Costa Norte: horizonte 2017.

- A. 90 quilómetros chamados a vertebrar as comarcas de Ferrol, Eume, Ortegal e a Mariña luguesa.
- B. Só están en execución dous treitos dos sete previstos. Presentouse unha modificación na Variante de Viveiro que paraliza todo o proceso.

C. Intención clara de non realizar esta obra.

7. Desdoblamento do corredor do Morrazo

A. Declarada deserta a licitación da construción e explotación desta actuación de concesión de obra pública.

B. Fracaso sen paliativos da adxudicación dunha vía das máis perigosas para a seguridade viaria do país.

C. Non hai previsión de nova licitación e de execución do desdoblamento.

D. Comeza o primeiro treito... despois de sete anos. Facer que se fai en ano electoral.

8. Desdoblamento do val do Salnés: Sanxenxo – O Grove

A. Sen avances. En punto morto.

9. Actuacións en áreas urbanas

No que atinxe ás actuacións nas **áreas urbanas, os compromisos están todos adiadados e con serias dificultades de ser executados** xa que nos distintos exercicios orzamentarios non se contemplan partidas para executar estas obras:

I. **Cinturón Oeste de Santiago:** horizonte 2020.

II. **Conexión da AP-9 coa AG-64 en Ferrol:** horizonte 2017.

III. **Ronda Bulevar de Ourense:** horizonte 2017.

IV. **Ronda Leste e Norte de Pontevedra:** horizonte 2015.

V. **Ronda de Vigo:** horizonte 2015.

10. Contratación de Obra Pública (SEOPAN).

A obra pública, durante os anos de goberno Feijóo, identifícase con:

A. Orzamento mingunte ano tras ano en infraestruturas.

B. Baixa licitación pública da Xunta de Galicia en cada exercicio orzamentario.

C. Paralización permanente de actuacións comezadas ou previstas.

- **Variación de créditos orzamentarios en Infraestruturas: de 450 millóns de € no 2009 a 236 millóns de € no 2015. Un descenso do 47.5%, practicamente á metade.**

- **Plan MOVE**

- I. Preséntase no Consello da Xunta do 3 de setembro de 2009 co obxectivo de investir 1.549 millóns de euros e de crear 71.000 empregos directos.

- II. **Un ano de vida:** Fracaso absoluto. Todo sen cumprir e en cuestión. Anuncio por parte do Goberno promotor de modificacións.

- **Políticas de Mobilidade**

1. Tense suprimido rutas e frecuencias do transporte público de viaxeiros.

- II. Metros lixeiros de Santiago, Coruña e Vigo adiados ata despois desta lexislatura. Só están contratados os estudos para a súa implantación a longo prazo.

- III. Transporte Metropolitano: aínda están sen acordar e conveniar as cidades de Ourense, Vigo e Pontevedra.

- IV. A intermodalidade na práctica continúa paralizada.

- V. En canto ao tren de proximidade. Sen novas.

- VI. Os aparcamentos disuasorios comprometidos para as cidades, estanse poñendo en marcha a un ritmo moi insatisfactorio, tendo en conta a intensidade da problemática.

- **A Axencia Galega de Infraestruturas, un organismo máis da administración paralela no que prima a axilidade na xestión fronte ao control e fiscalización públicos.**

En plena crise o Goberno Feijóo non sabe empregar a obra pública como panca da **economía produtiva**.

Tanto os datos de licitación como os de adxudicación directa evidencian unha preocupante realidade: **a obra pública non serve de motor da economía**. As empresas

adxudicatarias están a padecer o peche anticipado dos exercicios orzamentarios, o que repercute na axilidade dos pagos.

Hai un claro abandono do compromiso co transporte público.

No tocante á lexislación, as novas leis aprobadas na actual lexislatura (do taxi e de estradas) non supuxeron avances significativos.

A chamada Lei de Taxi significou recorte de competencias municipais.

Coa Lei de Estradas, aprobada en 2013, o Grupo Popular emendou substancialmente as decisións do goberno Feijóo en 2015.

A mais, o tribunal supremo, en marzo de 2016, anulou a prórroga das concesións de transporte por estrada, resolta polo goberno de Feijóo en 2010. Mentres, a Lei de Mobilidade, comprometida no programa do Partido Popular segue sen aprobarse por parte da Xunta, e polo tanto, presentarse no Parlamento.

MEDIO AMBIENTE: FALTA DE INVERSIÓN E DE COMPROMISO

1. Medio ambiente é un dos sectores que debe crear riqueza e emprego no futuro, posto que a nova política económica terá que basearse na sustentabilidade como principio esencial. Como indicadores fundamentais pódense citar os sete orzamentos aprobados (2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016) en materia de políticas ambientais, cun resultado de redución nas partidas da Consellería de Medio Ambiente.

2. **A caída dos fondos adicados a medio ambiente no 2015 en relación ao ano 2009 foi de cerca de 176 millóns de euros menos.** Ademais, a execución do orzamento de 2015 en investimentos reais foi a metade do orzamento da extinta Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Ordenación do Territorio; polo que, realmente, os orzamentos resultan minorados nun 17%.

3. Con esta redución nas partidas orzamentarias, o balance do Goberno de Feijóo e do PP en medio ambiente é o seguinte:

A. **O actual plan Director da Rede Natura e a ampliación da Rede Natura 2000 é moi pouco proteccionista co medio ambiente.**

B. O Goberno galego aprobou unha lei de caza de Galicia que vulnera o dereito de propiedade da CE de 1978 e que beneficia, case en exclusividade, a unha parte do colectivo relacionado coa caza.

C. O Goberno ten baleirado de contido o Plan de Xestión do Lobo, o seu proxecto de reforma do Plan de Recuperación do Oso é tremendamente regresivo e non existen liñas reais de protección animal.

D. Galicia segue a arder pola falla de medidas especiais do Goberno do PP de prevención, extinción e rexeneración de incendios forestais en zonas protexidas medioambientalmente.

E. Estamos diante dun Goberno pouco rigoroso no cumprimento das normativas ambientais. Un bo exemplo destas actuacións foi o acontecido coa pretendida explotación mineira de ouro de Corcoesto (A Coruña).

F. Os gobernos galego e español perpetuaron a ENCE na ría de Pontevedra, por outros 60 anos máis, coa modificación da lei de Costas polo Goberno de Rajoy.

G. É lamentable que as nosas rías sigan a estar en perigo de gran contaminación (así o ten dito a UE). Ningunha nova depuradora de augas residuais pensada, planificada ou executada polo Goberno de Feijóo nestes últimos 7 anos.

H. O Goberno galego ten un Plan de residuos urbanos desfasado e un modelo de xestión de residuos (SOGAMA, SA) esgotado e contrario á xerarquía obrigatoria da normativa da UE. De feito, para control ambiental e xestión de residuos, a partida orzamentaria minora en case 10 millóns de euros.

I. O Goberno galego ten paralizado dende anos o plan contra o Cambio Climático, o que nos leva a non dispoñer de datos actualizados dende o ano 2011.

J. Non existen a educación, información e divulgación ambiental; só se teñen investido, por exemplo, 55.000 euros en sinalización nos parques Naturais, parque Nacional ou toda a Rede Natura.

K. Goberno galego non contempla axudas para a protección dos animais domésticos; cero euros destinados especificamente.

INDUSTRIA: PÉRDIDA DE PESO DO SECTOR

1. O derradeiro dato de emprego industrial en Galicia (INE, EPA do cuarto trimestre de 2015) é de 159.300 persoas. No primeiro trimestre do 2009, era de 208.400 persoas. Logo existiu unha redución de 49.100 empregos industriais, un 23,6 % de baixada.
2. As fortes distorsións existentes no mercado laboral galego vense con claridade se comparamos a cifra anterior de ocupados no sector industrial, co número de afiliados á Seguridade Social no mesmo ámbito, que a 31 de decembro de 2015, era de 129.678 persoas, un 18,6 % inferior.
3. A estratexia dos gobernos do Partido Popular, de modificar o modelo produtivo e o económico-social, vense nos resultados do ano 2015, mentres en España o PIB medra a un 3,5%; os custos salariais, medran a metade, un 1,7% anual, e en Galicia, unicamente un raquítko 0,4%.
4. Cun emprego por sectores que tivo un comportamento negativo en practicamente todos os sectores básicos para a nosa economía, pedra, madeira, metal-mecánico ou o naval, unicamente o sector téxtil mantén unha liña suavemente ascendente en facturación e emprego, pero cun notable empeoramento nas condicións laborais.
5. Fronte á evolución destes sectores industriais chamados “sectores maduros”, os “sectores innovadores” teñen aínda unha presenza escasa en termos de xeración de riqueza e emprego, a pesares da abafante propaganda da Xunta de Galicia, e as súas campañas publicitarias sobre a “Industria 4.0”.
6. Aínda que as exportacións acadaron o seu récord histórico no ano 2015, cunha mínima diferenza positiva fronte ao 2013, tamén as importacións acadaron o máximo valor neste derradeiro ano, co que o nivel de cobertura non ten mellorado de maneira significativa, nin co resto do mundo, nin co resto de España.
7. A situación xeral da industria vai mal, despois de perder peso no PIB, estabílizouse, pero non se está a producir unha recuperación significativa; neste momento o peso da industria manufacturera non enerxética sitúase no entorno do 12% do PIB, moi lonxe do obxectivo da UE, un 20 % do PIB no ano 2020.
8. Continuamos en Galicia sen un Plan Integral de Política Industrial que posibilita aumentar o peso da industria na composición do PIB galego e aposte por uns obxectivos para a recuperación do emprego, unha maior internacionalización e o aumento da eficiencia para as nosas empresas.

9. No ano 2015 o Índice de Producción Industrial tivo unha variación anual de 17 puntos menos para o conxunto dos anos 2009-2013; caída moi superior aos 11,5 puntos de rebaixa que se produce a nivel estatal.

10. O balance da Lei reguladora da política industrial para Galicia, promulgada fai máis de catro anos, que introducía unha “teórica” planificación industrial, outorga plenos poderes ao Consello da Xunta de Galicia para, de xeito discriminado, autorizar a radicación de instalacións industriais que cumpran determinadas condicións obviando os trámites administrativos e urbanísticos vixentes, a aplicación ten sido practicamente inexistente.

11. Aínda así, a devandita norma segue sen ter efectos relevantes: non foron desenvolvidos plans industriais estratéxicos, nin houbo actuacións de desenvolvemento regulamentario, nin se produciron novos investimentos de importancia, nin captación relevante de capitais do exterior, os derradeiros datos de 2015 recollen que unicamente o 0,38% da Inversión Directa Estranxeira (IDE) que entrou en España veu a Galicia.

12. Os estaleiros galegos seguen nunha situación de extrema dificultade. E, a pesares de iniciar a solución do problema do “Tax Lease”, algúns deles seguen tendo contratos escasos e de pequena contía. Si no inicio da lexislatura anterior había 80 buques nas gradas, no momento actual hai arredor de 20.

13. Ademais o recurso que a Comisión Europea presentou ante a sentenza sobre o “Tax Lease” segue e introducir incerteza no sector, e mostra con claridade o discurso falso e malintencionado do Partido Popular sobre a pretendida persecución dos socialistas, sobre todo o comisario da competencia Joaquín Almunia, ao naval galego. Hoxe é a comisaria da competencia, Margrethe Vestager, unha liberal danesa, que ven de recorrer a sentenza anterior.

14. As múltiples promesas reiteradas de novas contratacións por parte de PEMEX, flota menor, floteis, quimiqueiros, base de desembarco loxístico en Europa no porto de Punta Langosteira, etc. adíanse e non acaban de chegar na súa totalidade. Ata a actualidade, só se pechou a construción de dous floteis en Barreras (Vigo) e Navantia (Ferrol), e fálase dun terceiro, sen que se acabe de confirmar.

15. A entrada de PEMEX no capital do estaleiro Barreras de Vigo, presenta algunha cuestión positiva, aínda que tamén algún problema, o papel da IDE (Inversión Directa Estranxeira), definida como adquisición de máis do 10 % das accións dunha empresa coa intención de participar na súa xestión é tanto máis positiva se produce e crea postos de traballo desde cero, pero menos si se apodera de empresas locais xa existentes. O certo é que os resultados económicos para PEMEX do retorno

do seu investimento teñen sido moi positivos. Por qué daquela non foi quen a Xunta de Galicia de asumir ese investimento?.

16. Tamén é preferible que xere bens con intensidade tecnolóxica alta ou se se concreta en empresas conxuntas que transfiran tecnoloxía e formación para os traballadores, evidentemente non é a súa situación.

17. A situación financeira de PEMEX, cunhas perdas millonarias no 2015 de 26.500 millóns de euros, o que representou un aumento do 96,4% fronte ás perdas do 2014, engade un importante elemento de incerteza, ao que o goberno galego non é quen, nin de responder, nin de mostrar a máis mínima estratexia.

18. A Xunta que demandou sistematicamente a construción dun dique flotante en Navantia para atender as reparacións de grandes buques mentres gobernaba o Partido Socialista en Madrid, dende o cambio de Goberno en España non houbo reacción, a finais do 2011, e o Grupo Popular votou en contra de tal proposta no Congreso dos Deputados e mentres tanto non hai carga de traballo nova para o estaleiro público.

19. Seguimos asistindo a un reparto asimétrico da carga de traballo entre os centros de produción de Ferrol e Puerto Real por parte da empresa pública Navantia, sen que a Xunta de Galicia sexa capaz de posicionarse con contundencia ante esta situación discriminatoria, só pedimos dende Galicia o que nos corresponde.

20. O sector da automoción, continúa un proceso de redución de postos de traballo, polo menos ata que cheguen os novos modelos comprometidos. A Xunta neste sector leva adiante unha política obscurantista nas subvencións, inexistente na dotación de chan industrial e moi laxa no control da calidade dos empregos nas empresas auxiliares e contratadas.

21. No tocante ao balance da minería, continúa unha profunda ralentización no tocante á regularización das explotacións, a pesar de ter o marco legal axeitado, unha Lei da Minería de Galicia que o Partido Popular non foi capaz de aprobar en todos os anos de goberno Fraga.

22. Igualmente, no contexto da crise do sector da construción, incrementouse moito o desemprego en sectores como a lousa e o granito, con incrementos no número de parados entre os traballadores/as nas canteiras e nos “colocadores”. Hoxe en día a incipiente recuperación ten conducido a unha mellora no número de contratos, pero é moi importante estar atentos á calidade e condicións laborais dos mesmos.

ENERXÍA: PARÁLISE DO SECTOR DAS RENOVABLES E POBREZA ENERXÉTICA PARA OS CIDADÁNS

1. As políticas enerxéticas levadas adiante polos gobernos do Partido Popular, tanto o Goberno de Feijóo en Galicia, dende 2009; como o Goberno de Rajoy en España, dende 2012; teñen unha serie de consecuencias enormemente dañinas para as persoas, para o tecido económico e para o medio ambiente.
2. No seu conxunto, incumpren os compromisos europeos, non resolven o déficit de tarifa, senón que o consolidan trasladándoo ao recibo da luz (de aí as subidas que teñen sufrido as economías familiares e as industriais), condénannos a ter unha enerxía cada vez máis cara que o resto de países da UE, a terceira máis cara e despreza a oportunidade de avanzar en independencia enerxética ao renunciar ás renovables, poñendo en perigo o liderado tecnolóxico que tiñamos.
3. Ademais, en plena crise económica, nun proceso de empobrecemento e exclusión social descoñecido nas derradeiras décadas, xera unha nova forma de pobreza que vai emerxendo con forza, a pobreza enerxética e a daquelas familias que deben renunciar a determinados servizos nos seus fogares.
4. O Goberno Rajoy suspendeu as primas ás novas instalacións de enerxías renovables, así como a preasignación de retribucións, e, con carácter retroactivo, penalizou as instalacións anteriores a 2004, co que a comunidade autónoma de Galicia, cunhas posibilidades de liderado na explotación eólica, saíu dobremente prexudicada, fronte a isto, o goberno de Feijóo mantivo un vergoñento silencio.
5. Nestas condicións, na práctica, o concurso eólico quedou suspendido de feito. Certamente ata agora non foi desenvolvido. Todos os axentes interesados sinalan que nin os parques serán construídos, nin os proxectos industriais asociados, serán desenvolvidos. A pesar da propaganda do goberno galego non se xerarán os 14.000 empregos previstos, nin os 6.000 millóns de euros en investimento, nin os ingresos por canon eólico e por alugamento de terras.
6. Lamentablemente o goberno galego continúa aferrado á publicidade e á propaganda e mantén que se levan investidos 1.000 millóns de euros, pero non din nin onde, nin en que proxectos, nin cantos empregos teñen xerados, engano, publicidade e propaganda.
7. As últimas sentenzas teñen posto de manifesto que o Plan Eólico de Feijóo de 2010 foi un erro político, unha chapuza técnica e un fracaso económico. Resulta imprescindible asumir responsabilidades e dar a cara por parte do goberno galego ante

este fiasco, xa que ademais de non ter producido nin un só novo posto de traballo, a xestión de Feijóo paralizou totalmente o sector e terá un importante custe económico para a facenda galega, xa que todo indica que a responsabilidade patrimonial que a Xunta terá que asumir polas reclamacións das empresas será elevada.

8. Ademais, esta paralización do sector eólico de Galicia, ten importantes efectos derivados. As fábricas de compoñentes do sector metal-mecánico para aeroxeneradores eólicos, como GAMESA ou EMESA, están reducindo de xeito importante a súa actividade pola parálise do sector, e outras con menor capacidade de resistencia teñen pechado.

9. Lamentablemente a política enerxética dos Gobernos de Feijóo e Rajoy teñen chegado á parálise do sector, á perda da hexemonía da industria eólica galega, á deslocalización da produción de compoñentes, e á ausencia dun marco económico de futuro para as enerxías renovables en Galicia.

10. Ademais, o encarecemento do prezo da enerxía está provocando graves consecuencias industriais. Certos sectores demandan tarifas especiais e contratos a medio prazo. A pugna entre os Ministerios de Industria e de Facenda, está provocando a parálise dos investimentos desas empresas e un grave risco de deslocalización da produción, e importantes empresas industriais da comunidade autónoma, que son electrointensivas nos seus procesos produtivos, como Alcoa, Megasa etc.

11. O sector de biocombustibles, con varias fábricas en Galicia, segue totalmente paralizado pola ausencia de normativa de protección. Os grandes produtores están ofertando produto elaborado por baixo do custo de produción en España. O ministerio non quere abordar un marco de primas, e o Goberno galego cala de forma vergoñenta.

12. Despois dun retraso inexplicable, o Goberno central publicou o Real Decreto de Balance Neto para Autoconsumo, que na práctica bloquea o desenvolvemento da enerxía mini-eólica, dirixida a pequenas explotacións agrarias ou industriais, así como aos consumidores domésticos, que tería unha dimensión ecolóxica e territorial indubidable no noso país. A Xunta non amosou o máis mínimo interese por esas iniciativas, nin prantexou unha oposición política relevante.

13. Outro ámbito no que a publicidade e a propaganda se impón á realidade do país é o da eficiencia enerxética. Mais alá das declaracións voluntaristas, a estratexia consiste nunha chuvia fina de pequenas subvencións, sen un plan definido e cuns niveis de execución orzamentaria manifestamente mellorables.

PROMOCIÓN ECONÓMICA: NEFASTA XESTIÓN DO IGAPE

1. Tense producido unha caída orzamentaria sen precedentes no IGAPE. De 345 millóns de euros no 2010 a 92,5 millóns de euros no 2016, unha caída do 75 % en seis anos.
2. Pero ademais da gravidade dos recortes orzamentarios, que ninguén pode negar. A xestión deste organismo ten sido nefasta durante o goberno Feijóo. O mellor indicador é a execución orzamentaria, no ano 2014, o derradeiro ano con datos pechados, a execución quedou nun ridículo 35%; case dous de cada tres euros orzamentados, non se executaron.
3. Unha investigación xudicial en 2010, a chamada “Operación Campeón”, sobre presuntas irregularidades na concesión de subvencións, provocou a detención do director e un subdirector do IGAPE e logo de varios meses apartados das súas funcións, foi cesado o director. Seguiu tendo consecuencias, entre elas, o bloqueo dos fondos do BEI, durante cinco anos, para financiamento do sector produtivo galego.
4. O único esforzo salientable da Xunta de Galicia diante do BEI durante estes anos, foi avalar un crédito do BEI, con fondos públicos, para a empresa privada concesionaria do Hospital privado de Vigo, toda unha declaración de intencións.
5. A rede exterior do IGAPE foi cedida á Confederación de Empresarios de Galicia, cunha subvención de 18 millóns de euros en catro anos. Non houbo concurso público, nin valoración do que significaba a perda do fondo de comercio acumulado. As diferenzas entre ambos organismos teñen concluído con que algunhas das antigas oficinas do instituto continúen alugadas, que os bolseiros nomeados fosen readscritos ás oficinas comerciais das embaixadas, ou das cámaras de comercio, ou ficasen sen destino.
6. Lamentablemente as loitas internas na CEG, auspiciadas dunha maneira irresponsable pola Xunta de Galicia, ao ver derrotados os seus candidatos, ten paralizado o desenvolvemento da coñecida como rede PEXGA, introducindo incerteza nas decisións dos empresarios galegos para saír ao exterior, e ninguén asume responsabilidades no IGAPE.
7. No ámbito da internacionalización, mais alá da publicidade e a propaganda, co intento de apropiarse por parte da Xunta de Galicia dos éxitos exportadores de determinados sectores e empresas; os grandes retos continúan pendentes. A elevada

concentración en dous sectores, a automoción e o téxtil, o escaso tamaño medio das empresas, e as dificultades para incrementar o compoñente tecnolóxico dos produtos exportados.

8. O orzamento total para desenvolvemento empresarial ten minorado dunha maneira dramática para a economía galega. Os crédito BEI, que no ano 2009 eran de 200 millóns de euros, desapareceron ata 2015, seis anos, e o seu desenvolvemento está sendo moi lento. A concesión dos chamados préstamos “Jeremie” vai moi lenta.

9. A crítica máis habitual no ámbito empresarial ao funcionamento, mais alá das restricións orzamentarias, é a da falla de eficiencia, lento na resposta e burocrático nas súas actuacións.

I+D+i: RECORTES EN INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

1. Os recortes orzamentarios no ámbito do I+D+i, dende que goberna Feijóo teñen acadado os 150 millóns de euros, pero o que aínda é mais grave, é que das min-guantes cantidades orzamentadas, deixáronse sen executar en torno a 200 millóns de euros, o que mostra a elevada incompetencia na xestión.
2. A entrada en vigor do novo Plan autonómico, tense traducido na caída de recur-sos en relación co PIB, pasando do 1,04 % do PIB no 2008 ó 0,87 % no 2014, a niveis de Turquía e Ucraína, a sexta porcentaxe menor para todas as CCAA, fronte ao 1,3% do PIB que representa para o conxunto de España.
3. Todos os datos de carácter cuantitativo mostran que a fenda co conxunto de España está a aumentar, a pesares da publicidade e a propaganda. Ese mantra de “Industria 4.0” que é un insulto a intelixencia dunha comunidade autónoma que reduciu o seu esforzo en I+D+i durante o goberno Feijóo nun 25%.
4. Como exemplo, os gastos totais en I+D+i en Galicia supoñen o 3,7% do conxunto de España, cando o noso PIB é un pouco máis do 5% e a nosa poboación, o 6%. Exactamente o mesmo acontece co gasto en innovación tecnolóxica, o gasto en Galicia supón o 3,6% do conxunto de España, e no ano 2014m, caeu un -3,3%, mentres que no conxunto de España o fixo nun -2,1%.
5. É unha mostra máis do cambio de modelo económico, que, coa desculpa da crise económica, os gobernos do Partido Popular, están a levar a cabo. Iso que de ma-neira eufemística se chama “devaluación interna”, é que en realidade trátase de diminuír os salarios, e polo tanto, competir internacionalmente vía salarios, e non vía innovación e calidade.
6. A Xunta segregou a investigación universitaria da investigación aplicada ás in-dustrias, situando cada área na correspondente consellería e rachando así coa polí-tica de integración impulsada nos últimos anos e común noutros territorios.
7. Tense producido tamén, na nosa opinión, un grave erro conceptual, centrando os esforzos de maneira case exclusiva na Axencia Galega de Innovación, e inci-dindo moito menos, na investigación básica e aplicada, onde o papel das adminis-tracións públicas debería de ser mais relevante, pero é certo que a investigación básica permite moitas menos doses de publicidade e propaganda.
8. Os recortes orzamentarios en investigación e innovación, que racharon un pro-ceso acumulativo imprescindible para consolidar os avances acadados, xunto ao proceso de separación do que falabamos antes, están a converterse nun problema económico de primeira magnitude para Galicia.

AGRICULTURA: MÁIS DESEMPREGO E PROBLEMAS ESTRUTURAI

O balance do Goberno Feijóo no que se refire á Consellería do Medio Rural non pode ser máis pobre. Non houbo nin unha soa actuación salientable ao longo destes 7 anos de goberno, nin unha soa iniciativa política, nin económica, nin estratéxica que poidamos salientar nesta consellería. Todos e cada un dos nosos subsectores agrarios ao longo destes 7 anos, son hoxe menos competitivos, hai máis desemprego, e seguen arrastrando todos os problemas estruturais que tiñan, e nos problemas coxunturais que padeceron ao longo destes sete anos houbo unha tónica xeral; nunca contaron co apoio da Xunta de Galicia. A maior crise do sector lácteo dende a súa existencia como tal non foi prevista, nin tan sequera unha vez que nos abordou houbo unha reacción como administración.

A actividade da Consellería do Medio Rural segue reducida a un mero trámite de abrir e pechar prazos de xestión de fondos europeos, sen ningún tipo de orientación política, e incluso nese exercicio de pura tramitación, se busca a comodidade e a facilidade do traballo da propia consellería en lugar de facilitar que os nosos gandeiros accedan do mellor xeito e o máis rápido a ditas axudas.

SECTOR LÁCTEO

Para este Goberno e para este Presidente non existiu o problema do sector lácteo en todos estes anos fóra dos meros titulares de prensa, a pesares das advertencias de todo o sector, dos grupos da oposición, etc.

Non foron quen de recoller na normativa estatal que se aprobou para desenvolver o chamado “paquete lácteo” aspectos vitais para que os produtores tivesen unha ferramenta útil para poder sentarse a negociar coas industrias, nos 7 anos non houbo ningún tipo de iniciativa salientable no senso de que Galicia incrementase a súa capacidade industrial, de transformar produtos con un maior valor engadido, salvo o fiasco e a cacicada de Alimentos Lácteos que dende o PSdeG temos denunciado en numerosas ocasións.

O goberno decatouse do problema só cando empezaron as manifestacións e as tractoradas. Todo o Goberno co Presidente á cabeza dedicouse dous meses a tratar de rematar coas manifestacións e coas tractoradas pero sen dedicar ningún esforzo en facelo solucionando o problema do sector.

Este Goberno despois de 7 anos deixa un sector máis feble, onde só no último ano en todo o Estado se perderon 1.000 explotacións e máis da metade eran galegas. O propio

Ministerio de Agricultura prevé que no vindeiro lustro siga este ritmo de desaparición de explotacións lácteas e coa mesma porcentaxe de galegas, este feito pode ser asumible no resto do estado onde este sector non ten a importancia e a trascendencia que ten en Galicia. Mentres que se está a producir un aumento de produción en outras zonas do estado sen vocación leiteira en Galicia diminúe, estamos asistindo a unha deslocalización da produción promovida pola industria para acercar esta aos grandes centros de consumo.

Nunca en definitiva, este goberno entendeu o máis principal e básico, que Galicia polo que significa dentro deste sector en todos os parámetros, e polo que este sector significa para Galicia o Goberno Galego ten a obriga de liderar politicamente este sector a nivel estatal. E pensar en esperar as solucións europeas nestes momentos é un erro, xa que os principais países excedentarios europeos son os primeiros interesados en que a situación en España non cambie.

MOBILIDADE DE TERRAS AGRARIAS

A pesares de ser un dos principais problemas estruturais do noso país, non só polo que representa en termos de perda de competitividade das nosas explotacións agrarias senón tamén polos graves perxucios que ocasiona como obstáculo de xestión do noso territorio, con comarcas enteiras abandonadas e polo tanto auténticas bolsas de combustible para os incendios forestais, a pesares de que Feijóo nos seus propios discursos de investidura o recoñecía como un dos grandes retos de goberno... a pesares de todo isto, despois de 7 anos, o 14 de xullo de 2015 publicouse a Lei de Mellora de Estrutura Agraria de Galicia.

Esta lei que o Goberno tardou 6 anos en elaborar, no trámite parlamentario foi o máis breve posible sen ningunha achega de ninguén, e a pesares de todo isto... o feito é que tal como dende o PSdeG lles dixemos non existe ningún tipo de modificación, de norma, de consecuencia, de dato positivo unha vez aprobada esta lei.

Porque efectivamente non se pode notar nada positivo coa aprobación desta lei, porque esta non contén ningunha novidade que non estivese xa regulada, e o que faltaba era a iniciativa política dun goberno, algo que loxicamente esta lei non recolle.

INCENDIOS FORESTAIS

Segue a ser unha lacra da que só nos libra de vez en cando a climatoloxía, e nin tan sequera cando isto pasa como foi o ano pasado podemos alegrarnos, porque como non existe ningún tipo de política de prevención, o único que pasa aínda que resulte dramático é que “cando un ano non arde, sabemos que arderá con máis virulencia para o seguinte e así progresivamente”.

A loita contra o lume ocupa nada menos que 1 de cada 4 euros do orzamento da macroconsellería (en termos orzamentarios soamente) de medio rural, en torno aos 100 millóns de euros ao ano de forma sistemática durante os últimos 30 anos e seguimos de xeito exclusivo dependendo como única medida efectiva de que “chova máis ou menos no verán”.

Sen ningún tipo de priorización de actuación, temos os mesmos riscos en zonas protexidas das que non o son, en zonas de especial interés das que non o teñen, os mesmos medios e protocolos alí onde ano tras ano temos incendios forestais de alí onde a súa incidencia é menor.

Profundizouse no modelo de privatización, de fragmentación do dispositivo e de inoperatividade do mesmo, a través das creadas brigadas municipais, no desprestixio e desprezo do mesmo e dos seus profesionais que se xogan a vida apagando no lume, como vimos ao longo deste último ano onde todos os profesionais, os do propio servizo da Xunta de Galicia, os contratados a través da empresa pública SEAGA, en definitiva todos os profesionais denuncian o maltrato que sofren todos os días por parte deste goberno.

FORESTAL

Un sector cun enorme potencial, e que cun desenvolvemento axeitado axudaría moito a combater os incendios, polo tanto todo o esforzo que aquí se adicase sería en beneficio de aforrar na extinción, sen embargo despois de 7 anos non houbo ningún avance, desmantelaron o pouco que o goberno bipartito lle dese tempo a pór en marcha para mudar o noso modelo forestal, sen outra alternativa nin opción que o cultivo de especies pouco rendibles unicamente válidas para pasta de papel, pero que nin de lonxe fan que o noso monte sexa aproveitado en todo o seu potencial.

Por certo o sector forestal, que na súa totalidade enmenda publicamente a política deste goberno, tal como fixo ao longo da lexislatura, onde nun feito sen precedentes todos os eslavóns da cadea, produtores, industriais, rematantes, aserradoiros...etc, rexeitaron reiteradamente a política forestal desenvolvida por este goberno.

Non logrou este goberno atopar unha solución para favorecer a agrupación dos terreos forestais, nunha decisión de sectarismo político anulou nada máis chegar as UXFOR, creadas polo bipartito e que en tan só 6 meses había 60 entidades interesadas para crear as SOFOR que ao longo de 7 anos de goberno lograron constituír 6 en toda Galicia, cremos que o dato resulta suficientemente evidente.

Tamén se caracterizou este goberno polo desencontro coas Comunidades de Montes Veciñais. Nun país onde carecemos de extensións suficientes rendibles para o seu aproveitamento económico, as que temos e que son propietarias de 600.000 ha en Galicia, o único que recibiron por parte deste goberno foi falla de colaboración e desprezo.

PESCA: FRACASO EN MATERIA DE XESTIÓN DE RECURSOS PESQUEIROS

O fracaso do Goberno Galego en materia pesqueira durante esta lexislatura escenificouse o 27 de febreiro 2016 nas rúas de Compostela nunha manifestación apoiada practicamente polo 100% do sector e que xuntou a máis de 30.000 persoas en contra das políticas do Partido Popular e do intento de aprobar pola porta de atrás unha lei de acuicultura (*que foi retirada*) que claramente tiña como intención tratar de implantar a acuicultura intensiva nas costas e no mar de Galicia, desprezando claramente un modelo de acuicultura sostible que levou a Galiza a ser un dos primeiros produtores de mexillón a nivel mundial e a que o marisqueo e a pesca artesanal competisen no mercado en base á calidade do seu produto.

En materia de xestión dos recursos pesqueiros esta lexislatura foi un fracaso.

1. Os TAC´s e cotas seguen sendo insuficientes para garantir a actividade da nosa flota ao que hai que engadirlle un reparto dos mesmos por parte do Goberno do Estado claramente lesivo para os intereses galegos (como mostra o conflito coa flota do cerco que segue vixente logo de 3 anos e ao que agora se lle engade o da flota volanteira e do arrastre).
2. As negociacións dos acordos pesqueiros con terceiros países foron totalmente lesivos para Galicia, expulsión da flota de Mauritania, e imposibilidade de acudir a Marrocos polas pésimas condicións do acordo.
3. Incapacidade manifesta de liderar a consecución dun marco igualatorio nas condicións de pesca para as flotas de arrastre galegas e portuguesas
4. Nula resposta ante situacións de emerxencia por episodios de biotoxinas que provocan alertas sanitarias en sectores vitais para a economía galega como o mexillón e o marisqueo, debido principalmente aos recortes en investigación.
5. As zonas de produción marisqueiras atópanse nunhas condicións de total abandono, o que provoca importantes caídas das producións pola incidencia de parásitos e especies invasoras que chegan ás nosas costas polos nulos controis sanitarios sobre as especies de bivalvos importados. A mellor mostra deste abandono é que o banco que foi o pulmón da Ría de Arousa (Lombos do Ulla) ficou pechado durante a última campaña marisqueira.
6. Retraso no pagamento das axudas comprometidas ás confrarías por conceptos como a vixiancia e as asistencias técnicas.

As decisións tomadas na pasada lexislatura, como a privatización do servizo de Gardacostas, a supresión do Seguro do Mal Tempo, e da póliza colectiva de accidentes no mar amosáronse completamente desatinadas.

1. Os tempos de respostas nos accidentes no mar son cada vez máis tardíos, os dispositivos de rescate sofren unha importante descoordinación.
2. Os temporais do inverno teñen levado aos profesionais do mar a unha situación insostible economicamente, poñéndose de manifesto que o Seguro Mal Tempo sería unha ferramenta axeitada.
3. As familias (moitas nos últimos tempos) dos profesionais que sofren accidentes no mar, quedan totalmente desprotexidas e sen axudas por parte do goberno como consecuencia da eliminación da póliza colectiva.

Outros temas de importancia:

1. O número de afiliados ao Réxime Especial do Mar da Seguridade Social diminuíu pasando de 22.397 a finais de 2012 a 21.078 a xullo de 2015. A cifra é máis dura se a comparamos coa que había no 2008, 26.038 a diminución sería de 4.425 persoas.
2. A pesares das reiteradas promesas de aumentar o número de persoas dedicadas ao marisqueo a realidade é que a día de hoxe hai case 500 mariscadoras menos que no ano 2008.

FACENDA: MÁIS DÉBEDA PÚBLICA, TAXAS E REPAGOS

DÉBEDA PÚBLICA

A Débeda Pública das Administracións Públicas chega ata os 1.505.905.M€ (139,3% PIB)

Datos a 4º trimestre de 2015:

Administración Central 1.129.167.M€ 104,4 % PIB.

Comunidades Autónomas 292.894 millóns de euros 27,1 %PIB

GALICIA:

• **IMPORTE: 2009: 3.954 IV trim 2015: 10.375 INCREMENTO: 6.421**

• **% PIB 2009: 8,6% IV trim 2015: 18,6% INCREMENTO: 216%**

Débeda das comunidades autónomas:

No ano 2005 cando entrou Touriño había 3.381 millóns de euros (7.3% do PIB).

Cando se foi no 2009 había 3.954 millóns (8,6% do PIB)

Hoxe hai 10.375 millóns de débeda (18.6% do PIB)

Feijóo MULTIPLICOU a débeda por máis do dobre (case 2,5).

Cada día as familias gastan máis sobre todo a través da imposición indirecta e cos repagamentos e ao tempo cada vez hai mais débeda.

Endebédase máis o Estado que as CCAA. O Goberno do Estado esixe ás CCAA (que prestan servizos públicos esenciais) o que el non cumpre.

Impostos

O único imposto que mide a capacidade de pagamento das persoas segundo a súa capacidade económica é o IRPF e o Imposto de Patrimonio. É necesario que se tribute de forma conxunta pola renda e a riqueza en impostos PROGRESIVOS.

A política de Feijóo nos últimos anos foi non subir o IRPF (nos tramos altos) e o imposto de patrimonio. Baixouno no último orzamento. Tamén baixou o ITP e AXD.

O PP aposta por impoñer taxas e repagos para financiarse en vez de utilizar incrementos nos impostos directos que son máis equitativos, e os únicos redistributivos.

Os resultados da súa política impositiva son que cada vez hai algúns máis ricos e o resto moito máis pobres. Todos os galegos pagan máis por menos a pesar da última baixada do IRPF.

Coas medidas do PP as clases altas sairán moi ben e o resto, os de sempre (os galegos normais) sairemos empobrecidos e endebedados.

A súa política descríbea moi ben Paul Krugman: “Os ricos estanse a recuperar moi ben en todo o mundo”

A política fiscal que se está levando a cabo, terémola que pagar os cidadáns con máis recortes, abrindo aínda máis unha fenda entre ricos e pobres.

IVE

O IVE sufriu dúas subas xeralizadas, que afectan de xeito máis acusado ás familias con menores ingresos: a primeira en xullo de 2012, onde o tipo xeral pasou do 18% ao 21%; o tipo reducido, do 8% ao 10%; e algúns produtos cambiaron de tipo, é dicir, do 4% e o 8% e ao 21%. Neste caso está por exemplo boa parte dos produtos que compoñen a cesta da compra; ou o material escolar. Igualmente no mes de abril de 2013, aprobouse a suba do IVE para algúns produtos sanitarios, que pasan do tipo reducido (10%) ao xeral (21%), un aumento do 110 %.

Outros tributos

Suba do 34 % do canon de SOGAMA que terá un impacto de entre 16 e 20 millóns de euros e, polo traslado que se efectuará ás familias, un aumento no seu recibo de recollida de lixo da orde de entre 9 € e 12 €. (Posteriormente comprobouse que o custe era menor e que a subida cubría máis que a subida dos custes). A metade do beneficio de SOGAMA será para unha empresa privada.

1. Incrementos en torno ao 2,7 % no canon de auga e coeficiente de vertido, que por vez primeira chegará a moitos cidadáns.

2. Tamén por primeira vez para moitas familias, se aplica un copago pola comida dos seus fillos no comedor escolar (en función da renda), cunha recadación (de carácter extraorxamentaria) que se aproximará aos 12 - 15 millóns de euros.
3. Actualízanse tamén (ou se prefiren soben) en torno ao 2,5 % a maioría das taxas vixentes.
4. O chamado céntimo sanitario, que se incrementara ata nun 300 %. Unha sentenza da UE obriga a devolver as cantidades indebidamente recadadas por estado e Xunta. A Xunta bota balóns fóra dicindo que estas cantidades indebidas que cobrou as ten que devolver o Estado.
5. Tamén tiveron aumentos impositivos as familias con vivenda en propiedade (da orde do 90 % en Galicia) xa que lles subiu dun xeito importante o IBI; á vez que se eliminou a desgravación pola súa compra e se atribuíu - ao aumentar o seu valor catastral – tamén un maior ingreso por este concepto no IRPF.
6. A isto pódese sumar a extensión do repago sanitario e o cobro por determinados servizos na sanidade (como polo transporte ou o cofinanciamento das ortoprótesis).
7. Tamén se aumentou de facto os tipos tributarios autonómicos para o imposto de transmisións e actos xurídicos documentados pola vía da revisión de valores (tiveron que rebaixala en 2 ocasións).
8. Ou o aumento xeralizado de determinadas taxas (pensemos por exemplo nas xudiciais).
9. Por non mencionar determinados impostos novos no sector eléctrico, que son trasladados (vía tarifas) á cidadanía, cun panorama tremendamente cruel para aquelas persoas con menos recursos.

Iso si, ao mesmo tempo apróbbase unha amnistía fiscal inxusta e politicamente indecente, para que os que defraudaron o fisco, regularicen a súa fraude a un prezo de risa.

A liña principal, mantida polos responsables do Ministerio, parece ser que as CCAA *“teñen que exixir aos seus cidadáns un financiamento adicional para os servizos adicionais que presten”*.

Reformas fiscais

Fronte ás expectativas levantadas pola reforma fiscal anunciada, constituíron un paquete de medidas parciais e deficientes: lonxe da necesaria progresividade; e que abre un panorama confuso e difícil en relación á futura evolución dos ingresos; con implicacións descoñecidas para Galicia e para os ingresos da nosa Comunidade. Un parcheo electoralista, como fai sempre o PP cando se achegan unhas eleccións.

Pero, máis alá dos detalles concretos de qué colectivos son beneficiados, ou prexudicados, por estas medidas fiscais, ou tamén como se vai conxugar o menor ingreso fiscal previsto co cumprimento dos obxectivos de déficit en 2015 e 2016, e que esixen un axuste superior a 25.000 millóns de euros, parece claro que se buscou un slogan para as eleccións: “baixamos os impostos”.

España, e Galicia, necesitan unha verdadeira reforma fiscal que responda a un plan global, simplificando o sistema e poñendo o foco en reducir a fraude fiscal.

Orzamentos

A Xunta de Feijóo busca solucionar os seus problemas á base de crear outros en outras administracións. Un exemplo é o canon SOGAMA (o que debería asumir a Xunta trasladallo aos concellos e cidadáns)

Todos os orzamentos desta lexislatura seguiron co mantra da austeridade incluso os deste último ano que aínda que os aumentaron con respecto aos do ano pasado seguen sendo escasos e renuncian a chegar ao límite do déficit do 0,3% posto polo goberno. Límite que a pasada semana se elevou ao 0,7% coa conseguinte perda de financiación e gasto da nosa comunidade.

Se comparamos os orzamentos de 2013 cos de 2016 case non sofren variación no que respecta aos gastos non financeiros pasando no ano 2013 dos 8.479 M€ aos 8.804 M€ no 2016. Nada que ver por exemplo cos 9.135 M€ do ano 2012.

Os orzamentos presentados pola Xunta de Galicia para esta lexislatura veñen caracterizados pola renuncia a algún tipo de medidas novidasas que contribúan de xeito decidido á creación de emprego e ao apoio a sectores económicos en dificultades; e iso tendo en conta a redución de ocupados/as e o incremento dos parados/as dende que Feijóo accedeu á Presidencia do goberno autonómico.

Resulta especialmente dramática a baixada substancial que se reflicte nos programas de índole máis social e para os servizos públicos básicos, onde, seguindo co xa iniciado

na lexislatura anterior, nesta consolida e agrava os recortes nos eidos da educación, da sanidade, da protección das persoas máis desfavorecidas, do benestar, da promoción social, da vivenda, etc... anunciando uns peores servizos públicos para o futuro. Servizos públicos polos que ademais haberá que pagar nalgúns casos.

Os recortes acumulados dende o ano 2009 en gasto social (sanidade, educación e políticas sociais) xa superarán os 4.000 millóns de euros, co agravante da introdución de novos copagos, tales como os que se impoñen para o gasto farmacéutico de enfermos crónicos ou para os comedores escolares.

Trátase ademais duns proxectos de orzamento onde o que máis medra son os gastos financeiros e que conteñen un endebedamento desproporcionado e pouco planificado, que alcanzará novamente unhas cifras récords, cunha débeda total da Comunidade Autónoma (incluíndo os pagos adiados por colaboración público – privada) que alcanza a contía dos 13.000 millóns de euros, cifra moi superior ao propio montante dos orzamentos para o 2016. Cifra Histórica que deixará para os gobernos sucesivos unha enorme carga financeira.

En definitiva, os orzamentos do goberno pensan exclusivamente en reducir gasto público (principio de economía), en adelgazar o sistema público, en xeral, sen máis meta que esa mesma. **Así o que comezou sendo un medio** (políticas de contención do gasto) rematou por fagocitar ó propio goberno e **converterse nun fin en si mesmo. O seu único fin.**

Desmantelamento do sistema financeiro galego

As caixas galegas agora son un banco venezolano que amortizou no seu primeiro ano de funcionamento a investimento feito nas antigas caixas galegas. Poderíamos falar da Caixa Rural pero mellor que o PP non se fixe nela non vaia ser que por outra foto quedemos sen ela tamén.

ADMINISTRACIÓN LOCAL: SECTARISMO E PRESIÓN RECADATORIA

1. O período vén marcado polas modificacións legislativas impulsadas dende o Goberno Central que limitou a autonomía económica, política e competencial da administración local. Moitos concellos e comunidades autónomas presentaron recurso de inconstitucionalidade contra as reformas de Montoro. GALICIA NON ESTIVO NESE GRUPO. **O Goberno Galego optou por defender as políticas do PP antes que as súas competencias e a autonomía local.**
2. O “logro” mais significativo, en política local, do Goberno Feijóo foi a PP-FUSIÓN de catro concellos: Oza-Cesuras por un lado, e Cerdedo-Cotobade por outro. **Fusións sen planificación e motivadas exclusivamente por intereses político-orgánicos do Partido Popular.**
3. Durante este período os concellos sufriron a **presión recadatoria da Xunta:** Suba desmesurada do canon de Sogama, as taxas asociadas ao subministro e consumo de auga (canon de saneamento e canon de vertedura), etc.
4. O sectarismo e o partidismo foron, e son, os sinais de identidade das políticas de Feijóo con respecto aos concellos na distribución de fondos (escolas obradoiro, política de fusións de concellos, mancomunidade de servizos públicos, infraestruturas, etc).

XUSTIZA: DESIGUALDADE NO ACCESO E FALTA DE INVESTIMENTO

1. Como indicador, o orzamento de gasto en actuacións relativas á Administración de Xustiza para o exercicio 2016 é de algo máis de 1 millón de euros (o que representa un 0,01% do orzamento total de gasto para este exercicio). É dicir, **un 91% menos que no exercicio 2009**.
2. Con esta redución nas partidas orzamentarias, o balance do Goberno de Feijóo e do PP en Xustiza é o seguinte:
 - A. Non se ten feito absolutamente nada na promoción e no desenvolvemento do Dereito Civil Especial. Non hai partida orzamentaria.
 - B. Na promoción do galego, é suficiente con dicir que os últimos datos oficiais coñecidos son do ano 2005. Non hai partida orzamentaria.
 - C. O presidente da Xunta gardou silencio ante o despropósito de modificación da planta xudicial proxectada polo seu partido en Madrid.
 - D. As novas oficinas xudicial e fiscal son pura cosmética. Así, o orzamento de 2016 para a nova oficina xudicial é de 45.650 euros.
 - E. Descoñécense as medidas alternativas ao cumprimento das penas de prisión. Non hai partida orzamentaria.
 - F. O sistema de asistencia xurídica gratuíta agarda a modificación que nunca chega. Non hai partida orzamentaria.
 - G. Os únicos investimentos (polo de agora ficticios) serán nos edificios xudiciais de A Coruña, Pontevedra e Vigo.
 - H. A imposición das taxas xudiciais (que o Goberno galego sempre aceptou co seu voto en contra das iniciativas do Grupo Parlamentario Socialista para eliminalas) trouxo á cidadanía galega desigualdade no acceso á xustiza. E, o peor de todo, o propio director xeral de Xustiza do Goberno ten recoñecido que Galicia aínda non recibiu os 346.000 euros do total recadado e que o Estado non ten asignado.
 - I. O retallo de persoal é insoportable: non se cobren as baixas, nin as vacacións, deterioro do IMELGA, carencias obvias nos expurgos e carencias básicas de material para o desenvolvemento do traballo nos Xulgados galegos.

ASUNTOS EUROPEOS: DESIDIA NA XESTIÓN DE FONDOS EUROPEOS

Ausencia de Feijóo no exterior. A posición do Goberno galego en Europa é un simple papirapé que se visualiza na ausencia do Presidente da Xunta en Bruxelas ante temas que son de especial relevancia para Galicia, nen sequera asiste ao Comité das Rexións, a asemblea dos representantes locais e rexionais da Unión Europea (UE) que dá voz directa aos entes subnacionais (as rexións, provincias, municipios e cidades) dentro do marco institucional da UE. Delega esta función no Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, ao que non se lle coñece que realizase alí ningunha proposta de calado para a nosa comunidade, nin que fose quen de defender os intereses dos galegos e galegas.

Relacións con Portugal: falta solucións para os problemas da zona transfronteiri-za. A acción exterior deste goberno en Europa, e en concreto as relacións co país veciño quedan reducidas ao autobombo que se da a través de notas de prensa. Sobre a mesa non están solucións a problemas como por exemplo a entrada das redes de telefonía portuguesas nos dispositivos dos que viven na raia (iniciativa socialista aprobada por unanimidade no pleno do Parlamento de Galicia do 16 de setembro do ano pasado), a necesaria actuación conxunta e coordinada en materia de protección civil, emerxencias e loita contra o lume; o fomento da lingua portuguesa; a constitución do Mercado Ibérico do gas; as conexións ferroviarias; melloras a prol dos traballadores e traballadoras transfronteirizos; a conservación e promoción da Reserva da Biosfera do Xures- Geres; coordinación en materia de salvamento marítimo e prevención da contaminación...

Desmantelamento progresivo da Fundación Galicia Europa (FGE), manifestada na redución de persoal ao seu servizo así como na limitación de actividades dunha entidade instrumental do sector público autonómico que deba promover todas as accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa.

Lentitude, desidia, e opacidade do Goberno de Feijóo na xestión dos fondos europeos.

Como exemplo a xestión que se fixo dos fondos FEDER para o período 2007-2013. Rematado o período de elixibilidade deste programa operativo, segundo datos do Ministerio de Facenda, os reembolsos realizados revelan que a media en España sitúase no 91,4%, mentres que en Galicia é do 80,1%. Estes máis de 11 puntos que nos separan da media estatal fan que o goberno de Feijóo, sitúe a **Galicia na posición décimo sexta no ranking de comunidades autónomas no que a execución, e polo tanto bo uso e xestión dos fondos comunitarios** se refire, soamente por diante de Castela e León.

Os socialistas consideramos “escandalosa” esta incapacidade do PP para cumprir cos investimentos comprometidos, un goberno que tomou xa como habitual transferir fondos para exercicios posteriores, como ten sinalado o Consello de Contas, poñendo en risco as partidas comunitarias. Isto xera unha mala imaxe de Galicia como receptora de fondos diante da UE, que mesmo pode chegar a castigar a nosa comunidade ante a inminente perda de fondos, ademais de poñer en risco a concesión de partidas no futuro.

A esta mala xestión hai que sumarlle a falta de transparencia da Xunta de Galicia, pois a información sobre cómo o Goberno de Feijóo está a xestionar as axudas europeas chega a contagotas ou directamente non a recibimos.

FUNCIÓN PÚBLICA: DESTRUCCIÓN DE EMPREGO PÚBLICO E INCREMENTO DA TEMPORALIDADE

Dende a súa chegada ao goberno da Xunta de Galicia, o PP foi unha máquina de destrución de emprego público e de incremento da temporalidade.

1. Reformas drásticas nas RPT´s con supresións de emprego público.

A Xunta de Galicia prescindiu de case 7.500 empregos fixos nos últimos 4 anos, sen posibilidade de cubrir máis alá do 10% das xubilacións e unicamente en servizos especiais.

2. Aumento do 50% dos empregos temporais.

En xullo de 2011 os empregos eventuais na Xunta eran ao redor dos 10.700, catro anos despois son 15.667. Unha variación de 4.979, como recolle o IGE, e sen contar aqueles de formación, que tamén teñen unha duración determinada e que aumentaron un 49,6%, ata os 1.402. En Sanidade, a redución entre os fixos foi do 9,6%, e o incremento dos temporais supera o 50%. O persoal docente de carácter fixo, acumula un retroceso do 10,7%. Os mestres interinos e os contratos eventuais, disparáronse en catro anos un 137,4%, máis do dobre. No resto de prazas en educación houbo un descenso do 2,5% nos fixos e unha subida do 24% nos temporais.

3. Supresión pagas extras e mantemento da supresión en contra de todas as sentenzas xudiciais dos tribunais.

No ano 2013 o goberno de Feijóo decidiu retallar o complemento específico (ou concepto equivalente para o persoal laboral) das dúas pagas extras de todo o seu persoal, pasando a ser Galicia unha das escasas comunidades nas que se aplicou un recorte adicional. Esta redución salarial continúa a día de hoxe e mantense na Lei de Orzamentos do 2016, medida que supón que todo o persoal que cobra da Administración autonómica estea deixando de percibir arredor a 200 millóns de euros anuais.

Cando xa hai sentenzas do Tribunal Supremo que obrigan a algúns departamentos autonómicos a devolución dos complementos retallados, a Xunta de Galicia segue recurrido as sentenzas do TSXG co obxecto de atrasar todo o que poida

o inevitábel, o que implica ademais custos para a administración autonómica, incrementar a saturación da vía xudicial.

4. Inseguridade en máis de 700 postos de traballo por mor da reforma arbitraria do PP favorecendo o “dedazo” nos postos directivos que ese atopa agora nunha cuestión de constitucionalidade ante o TC.

5. A introdución de melloras para a modernización da xestión da Función Pública galega segue sendo unha materia pendente, ás reducidas partidas orzamentarias que se lle dedican súmaselle a baixa execución das mesmas.